

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA E DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DIRIXIDAS A PROFESIONAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a a Axencia para a Xestión do Coñecemento en Saúde asinou coa Real Academia de Farmacia de Galicia o 20.11.2023 o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio vai dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023, podendo prorrogarse de forma expresa por un período dun ano adicional.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para colaborar impartindo ou poñendo en marcha actividades de formación dirixidas aos/ás profesionais do Servizo Galego de Saúde, así como efectuar un labor divulgativo daquelas actividades, nas que, atendendo ás súas características, se considere conveniente a súa difusión con carácter xeral e resulte de interese para ambas as entidades.

A Real Academia de Farmacia de Galicia comprométese á realización de tres actividades de divulgación ou formativas que se acordarán coa ACIS. O contido e programa das devanditas actividades será o acordado polas partes, así como a forma en que se divulgarán as mesmas, tendo en conta o seu obxecto e o ámbito profesional ao que van dirixidas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

Polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia.

A Real Academia de Farmacia de Galicia é unha corporación de dereito público que se rexe por seus estatutos, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar e integrada por todos os membros que a compoñen, que está adscrita á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

De conformidade cos seus Estatutos (ultima versión publicada en DOG do 25 de novembro de 2019), entre os fins da Real Academia de Farmacia de Galicia atópanse a divulgación científica e formación permanente dos profesionais da farmacia e a difusión social das ciencias farmacéuticas a través da web, campus virtual, cursos, seminarios, conferencias e calquera outro procedemento.

Dada a coincidencia dos seus fins, as partes asinantes do convenio consideran fundamental intensificar as relacións entre ambas entidades, facilitando o achegamento de coñecementos aos profesionais do Sistema Público de Saúde.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

